



## ACORDO DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE ENVÍO DE CURTAS DOS PREMIOS NÓS TAMÉN CREAMOS! 2019-2020

O 10.12.2019 publicouse a Resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa pola que se aproban as bases e se convocan os premios a curtas de animación en galego elaboradas no marco do programa Nós tamén creamos! para o curso académico 2019/2020. No artigo 8 establecíase que o prazo para enviar as curtas ao certame remataría o 30 de abril de 2020.

A situación excepcional provocada pola pandemia supuxo a adopción dunha serie de medidas preventivas en materia de saúde pública como o peche de todos os centros educativos desde o 16 de marzo de 2020. Así, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020, estableceu respecto dos centros de ensino non universitario a suspensión da lectiva e dos servizos educativos complementarios; das viaxes de estudos, excursións ou desprazamentos de grupos de alumnado ou de profesorado; e de festivais, galas ou actividades que implicasen reunión de alumnado.

Así mesmo, o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, mediante o que se declarou o estado de alarma, ordenou tamén a suspensión da actividade educativa presencial en todos os centros.

Por outra parte, a Resolución do 22 de maio de 2020, pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso escolar 2019-2020, se determinan as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial nos centros de ensino non universitario dependentes da consellería estableceu a actividade lectiva presencial con carácter voluntario para o alumnado dalgúns niveis educativos, mais non para os de educación infantil e primaria.

Ademais, segundo o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, interrompéronse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

Por mor da epidemia, resultou imposible para a maioría dos centros inscritos no certame Nós tamén creamos! rematar o proceso de creación dos audiovisuais. Este proceso non se pode realizar na casa, pois implica a participación necesaria do alumnado e do profesorado e, ademais, o espazo de creación está situado no propio colexio, así como os materiais precisos.

Como, grazas á colaboración coa CRTVG, estas curtametraxes de animación poden verse na aplicación Xabarín desta entidade e na sección infantil das súa canle, teñen un efecto positivo na promoción da lingua galega que non se restrinxe ao ámbito de cada centro senón que chega a un público moito máis amplo, mesmo de fóra da Comunidade Autónoma. Por este motivo, é conveniente ampliar a data de envío das curtametraxes para facilitar todo o posible a finalización das curtas.

Por todo o anterior, ACORDAMOS:

Aprazar o prazo de envío das curtametraxes do Concurso de Curtas Nós tamén creamos! ata o 30 de outubro de 2020.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

